



ACTA Nº 2023/7

SESIÓN Extraordinaria Constitutiva DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, sábado 17 de xuño de 2023 -

No día de hoxe, ás 12:00 horas, reúnen-se os concelleiros e concelleiras electos/as que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria Constitutiva do Pleno da Corporación, tras as eleccións municipais celebradas o 28 de maio de 2023.

PS de G-PSOE

MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBÉN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
SERGIO ROMERO CONDE
MARÍA LUISA RODRÍGUEZ RIVEIRO
BELÉN FERNÁNDEZ CONDE
ALFONSO CANOSA BLANCO

PP

JESÚS ANGEL PICALLO SANTOS
AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE

BNG

SERXIO DOMINGUEZ LOURO
MONSERRAT CANOSA VIGO

IXCEE

MARÍA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

SECRETARIA

ROCIO HERMIDA CANCELA

INTERVENTORA

ROSA M^a FERNÁNDEZ CANOSA

Eu, como secretaria do concello de Cee, abro a sesión constitutiva lendo o:

Punto primeiro.- Constitución Mesa de Edade e comprobación de credenciales.

Procedo a lectura dos seguintes artigos:

Artigo 194.

- 1. O mandato dos membros dos Concellos é de catro anos contados a partir da data da súa elección nos términos previstos no artigo 42.3 desta Lei Orgánica.*
- 2. Unha vez finalizado o seu mandato os membros das Corporacións cesantes continuarán as súas función soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores, en ningún caso podrán adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada.*

Artigo 195.



Exp. 2023/G010/000007

1. As Corporacións municipais constituense en sesión pública o vixésimo día posterior a celebración das eleccións, salvo que se houbera presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constituen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, se constitue unha Mesa de idade integrada polos elexidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario o que o sexa da Corporación.

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base as certificacións que o Concello houbera remitido a Xunta Electoral de Zona.

4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación si concurren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, se celebrará sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fose o número de concelleiros presentes.

Eu Secretaria digo que os designados para compoñer a mesa, son os concelleiros de maior idade que será o presidente e o de menor idade: **D. JESÚS ANGEL PICALLO SANTOS E D. SERGIO ROMERO CONDE, respectivamente.**

Ambos toman asento ao lado da Secretaria, presidindo a Mesa e o Pleno: D. Jesús Angel Picallo Santos.

O Presidente da Mesa de idade di que declara constituída a mesa de idade. Todos os concelleiros/as electos/as presentaron as credenciais así como as declaracións correspondentes no rexistro de intereses conforme o artigo 75.5 da Lei de Bases de Réximen Local.

Punto segundo.-Toma de posesión de concelleiros/as electos/as e constitución da Corporación do Concello de Cee.

Eu Secretaria dou lectura o seguinte artigo:

parágrafo 8 do artigo 108 da LOREG

8. No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento a Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.

Asimismo digo que para a toma de posesión utilizarase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79 de 5 de abril, que consiste en que cada concelleiro/a pronuncie a fórmula que figura impresa nun folio facilitado para a lectura.

“xuro/prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do concello de Cee, con lealtade o rei, gardar e facer gardar a Constitución Española, como norma fundamental do Estado”

En primeiro lugar tomarán posesión os membros da Mesa de Idade: D. Jesús Angel Picallo Santos e D. Serxio Romero Conde.

De seguido, eu Secretaria nombro a cada concelleiro/a electo/a polo orden que figura na ACTA DE PROCLAMACIÓN remitida pola Xunta Electoral de Zona, que se irán acercando a Mesa de Idade para leer a fórmula persoalmente ante un exemplar da Constitución:



MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBÉN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
MARÍA LUISA RODRÍGUEZ RIVEIRO
BELÉN FERNÁNDEZ CONDE
ALFONSO CANOSA BLANCO
AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
MONSERRAT CANOSA VIGO
MARÍA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

Todos os concelleiros proceden a xurar ou prometer o cargo ca fórmula indicada anteriormente, agás D. Serxio Dominguez Louro e D^a Monserrat Canosa Vigo, que leen o seguinte:

“Prometo, por imperativo legal e comprométome a defender os intereses de Cee e do pobo galego.”

O Presidente da Mesa de Edade, concluído o acto de toma de posesión di que **se declara contituída a Corporación do Concello de Cee.**

Punto Terceiro.- Elección de Alcalde/sa.

Eu Secretaria digo que a votación será ordinaria como ven sendo nas últimas sesións constitutivas.

Eu Secretaria tomo nota dos candidatos/as **que alzan a man** e proclamo os concelleiros/as que optan á elección, a non ser que algún renuncie expresamente, que non se produce:

D^a.MARGARITA LAMELA LOUZÁN.
D. JESÚS ANGEL PICALLO SANTOS
D. SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
D^a. PILAR IGLESIAS LEMA

Sométese á votación os candidatos, acadando os resultados seguintes:

D^a.MARGARITA LAMELA LOUZÁN :7
D. JESÚS ANGEL PICALLO SANTOS : 3
D. SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO: 2
D^a. PILAR IGLESIAS LEMA: 1

Eu Secretaria proclamo alcaldesa do Concello de Cee por acadar a maioría absoluta dos votos: D^a MARGARITA LAMELA LOUZÁN.

Eu Secretaria requiro a alcaldesa para que xure ou prometa o cargo mediante a seguinte fórmula, que procede a leer:

“Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcaldesa do Concello de Cee con lealtade o Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”



Seguidamente entrego o bastón de mando a Alcaldesa que procede a ocupar o asento habilitado no Pleno para a alcaldía, previamente abandonado polo Presidente da Mesa de Idade.

Punto Cuarto.- Dar conta da acta de arqueo extraordinaria e da comprobación do inventario.

A continuación eu secretaria da lectura da **lexislación** aplicable a realización do **arqueo** e comprobación do **inventario**, concretamente

Artigo 36.2 do ROF e o Artigo 33.2 do RB.

2. Os secretarios e interventores tomaran as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúe un arqueo e estén preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

A **Sra Interventora** da lectura a un resumo da acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova corporación acompañada de todos os documentos que xustifiquen as existencias en metálico e en valores propios da corporación, depositados na caixa municipal e en entidades bancarias, así como o estado da tesorería respectivamente, que se transcribe literalmente:

ACTA DE ARQUEO	PRESUPUESTO	2023	Periodo desde	1/1	a 15/6
-----------------------	--------------------	-------------	----------------------	------------	---------------

Existencia anterior al periodo	1.112.955,06
INGRESOS	
De Presupuesto.	3.549.813,05
Por operaciones no Presup.	167.609,80
Por Reintegros de Pago.	3.277,06
De Recursos de Otros Entes.	0,00
Por Movimientos Internos.	67.553,80
De Operaciones Comerciales	0,00
TOTAL INGRESOS	3.788.253,71
Suman Existencias + Ingresos	4.901.208,77
PAGOS	
De Presupuesto.	3.128.374,96
Por operaciones no Presup.	183.718,27
Por Devolución de Ingresos.	50.168,93
De Recursos de Otros Entes.	0,00
Por Movimientos Internos	67.553,80
De Operaciones Comerciales	0,00
Por diferencias de redondeo del Euro	0,00
TOTAL PAGOS	3.429.815,96
Existencias a fin del periodo	1.471.392,81



Exp. 2023/G010/000007

ACTA DE ARQUEO PRESUPUESTO 2023 Período desde 1/1 a 15/6

ORD.	Descripción del Ordinal Nº Cuenta	SALDO INICIAL	ANTERIOR		PERIODO			EXISTENCIAS
			INGRESOS	PAGOS	E. INICIAL	INGRESOS	PAGOS	
001	CAIXA CORPORACION							
201	ABANCA ES-46-2080002080110000014	876.267,38			876.267,38	3.356.355,08	3.053.491,89	1.179.130,57
202	ABANCA ES-78-208000220731100000069	23.172,01			23.172,01			23.172,01
206	BANCO POPULAR ES-45-02388202030661000330							
207	BANCO CREDITO LOCA ES-48-01828947180200150230							
208	BANCO SABADELL GAL ES-47-00812242430001003303							
209	CAIXA DE PENSIONES ES-64-21095460300300003363	212.515,67			212.515,67	55.574,56		268.090,23
701	CAJA DE PAGOS A JUS					1.825,89	1.825,89	
702	TESORERIA RESTRING							
801	ANTICIPO CAJA EMERGE							
802	CAJA DE ANTICIPOS	1.000,00			1.000,00			1.000,00
901	FORMALIZACION					212.333,99	212.333,99	
902	PRESTAMO ICO							
	Totales	1.112.955,06			1.112.955,06	3.626.089,52	3.267.651,77	1.471.392,81

ESTADO DEMOSTRATIVO DEL ACTA DE ARQUEO

INGRESOS	INGRESOS BRUTOS	AJUSTES	INGRESOS LIQUIDOS
Existencia anterior al periodo	1.112.955,06		1.112.955,06
De Presupuesto de Ingresos, directos en Tesorería	3.544.056,84		3.544.056,84
Descontados en Pagos de Pto. Gastos	5.756,21	-5.756,21	0,00
Descontados en Pagos No Presupuestarios	0,00	0,00	0,00
Descontados en Pagos por Dev. Ingresos	0,00	0,00	0,00
Descontados en Pagos de Recursos Otros Entes	0,00	0,00	0,00
Aplicaciones Definitivas de Ingresos Presupuestarios	0,00	0,00	0,00
De Operaciones No Presupuestarias, directos en Tesorería	5.705,85		5.705,85
Descontados en Pagos de Pto. Gastos	154.848,30	-154.848,30	0,00
Descontados en Pagos No Presupuestarios	1.559,68	-1.559,68	0,00
Descontados en Pagos por Dev. Ingresos	0,00	0,00	0,00
Descontados en Pagos de Recursos Otros Entes	0,00	0,00	0,00
Ingresos de IVA Repercutido Deducible	5.495,97		5.495,97
Aplicaciones Provisionales de Ingresos	0,00		0,00
Aplicaciones Definitivas de Ingresos No Presupuestarios	0,00	0,00	0,00
Aplicaciones Definitivas de IVA Repercutido Deducible	0,00	0,00	0,00
Por Reintegros de Pagos, directos en Tesorería	3.277,06		3.277,06
Descontados en Pagos a Reintegros de Gastos	0,00	0,00	0,00
Aplicaciones Definitivas a Reintegros de Gastos	0,00	0,00	0,00
De Recursos de Otros Entes Públicos, directos en Tesorería	0,00	0,00	0,00
Aplicaciones Definitivas de Recursos de Otros Entes	0,00	0,00	0,00
Por Movimientos Internos de Tesorería	67.553,80		67.553,80
De Operaciones Comerciales	0,00		0,00
	Descuentos en Reintegros	0,00	0,00
TOTAL INGRESOS	3.788.253,71	-162.164,19	3.626.089,52
Suman Existencias más INGRESOS	4.901.208,77		4.739.044,58

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



ESTADO DEMOSTRATIVO DEL ACTA DE ARQUEO			
PAGOS	PAGOS BRUTOS	AJUSTES	PAGOS LIQUIDOS
De Presupuesto, directos de Tesorería	3.128.374,96		3.128.374,96
De Operaciones No Presupuestarias, directos en Tesorería	183.578,87		183.578,87
Pagos de IVA Soportado Deducible en Gastos	139,40		139,40
Pagos de IVA Soportado en Oper. No Presupuestarias	0,00		0,00
Pagos de IVA Soportado en Dev. de Ingresos	0,00		0,00
Por descuentos No Presupuestarios en Reintegros de Gastos	0,00		0,00
Por descuentos No Presupuestarios en Reintegros de R.O.E.	0,00		0,00
Por Aplicaciones Definitivas de Ingresos	0,00	0,00	0,00
Por Devolución de Ingresos, directos de Tesorería	50.168,93		50.168,93
Descontados en Reintegros de Pagos de Pto. de Gastos	0,00	0,00	0,00
Descontados en Reintegros de Pagos de Recursos Otros Entes	0,00	0,00	0,00
De Recursos de Otros Entes Públicos	0,00		0,00
Por Movimientos Internos de Tesorería	67.553,80		67.553,80
De Operaciones Comerciales	0,00		0,00
	Descuentos en Pagos	-162.164,19	-162.164,19
TOTAL PAGOS	3.429.815,96	-162.164,19	3.267.651,77
Existencias a fin del periodo	1.471.392,81		1.471.392,81

Eu Secretaria **EN RELACIÓN A COMPROBACION DO INVENTARIO**, expoño que o inventario existente data de abril de 1998 e foi aprobado en pleno de 27 de outubro de 2000, pero nunca foi actualizado, o concello adquiriu e alleou bens desde entón, polo que dito libro inventario non dilixenciado non reflicte a realidade patrimonial da Corporación. Consta redactado un inventario que a data de hoxe está pendente de informe técnico na oficina técnica municipal.

EU SECRETARIA ADVIRTO que conforme o artigo 24 do ROF:

“Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido o Presidente e subscrito polos seus integrantes, que se presentará na Secretaría da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes a constitución da Corporación. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de Portavoz do grupo, podendo designarse tamén suplentes.”

Punto quinto: Intervencións.

A Sra alcaldesa toma a palabra e di:

Estimados compañeiros/as da Corporación, Sra. Secretaria, Sra Interventora, queridos veciños/as Hoxe ábrese unha nova lexislatura e quero, nestas miñas primeiras palabras, agradecer aos veciños/as das nosas parroquias de Cee, Brens, Pereiriña, Ameixenda, Toba e Lires a confianza depositada en min e no meu equipo.

Se non hai nada máis gratificante que dalo todo ao servizo do noso pobo, sentilo e quero, non hai nada máis satisfactorio que o traballo sexa recoñecido cunha maioría absoluta, a terceira na historia da democracia de Cee.

Se foi un orgullo ser a primeira Alcaldesa en gañar unhas eleccións no noso concello, é aínda máis orgulloso ser a primeira Alcaldesa en revalidar a Alcaldía cunha maioría absoluta. É difícil expresar con palabras o meu sentimento de agradecemento.



Ao longo destes últimos catro anos fúchedes a fonte da resiliencia da que saquei forzas. Vinvos coidar uns de outros nunha das peores crises sanitarias. Traballamos conxuntamente e nos vosos actos cotiás vin o noso futuro. Estarei con vos en cada paso dese camiño.

De aí que o bastón de mando que recibo hoxe da Sra. Secretaria, entrégovolo para continuar traballando xuntos pola senda do bo camiño.

Asumo, pois, o respaldo que me déstedes baixo os valores de traballar sen cesar nin un segundo, con honestidade, humildade, tolerancia e lealdade.

Tamén quero dar a benvinda aos concelleiros/as que comezan a súa andaina política, sentados por primeira vez neste Salón de Plenos e felicitar a todos os concelleiros/as que integran a Corporación que hoxe se constitúe.

A vós que me ides acompañar na tarefa de goberno, quero dicirvos que teñades sempre presente o interese público gobernando para todo o municipio, os ceenses encomendáronos a todos e cada un de nós unha tarefa de gran importancia, traballar por e para Cee, Brens, Pereiriña, Ameixenda, Toba e Lires.

E aos concelleiros/as da oposición, se mo permitides, dígovos, como Alcaldesa, que creo na capacidade de todos os presentes para escoitar o que nos dixeron os ceenses. Non en balde creo firmemente que asumir compromisos na procura da mellor xestión e resposta para o municipio non significa renunciar ás conviccións ideolóxicas, senón demostrar a lealdade aos veciños e veciñas do noso concello para unha mellor vida en común.

A Sra alcaldesa termina, agradecendo novamente a confianza depositada na súa persoa, e que non hai maior honra e responsabilidade. Cee seguirá guiando os meus pasos no bo camiño. Moitas grazas.

Ás 12:17 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente ó marxe.

Secretaria Municipal, Rocío Hermida Cancela.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.